

BANDO INFORMATIVO

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE AXUDAS DE INDEMNIZACIÓN ECONÓMICA, DIRIXIDAS ÁS FILLAS E FILLOS MENORES DE 30 ANOS DAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO, ASÍ COMO A MULLERES QUE RESULTASEN GRAVEMENTE FERIDAS COMO CONSECUENCIA DUNHA AGRESIÓN POR VIOLENCIA DE XÉNERO

VANESA BOO MARTÍNEZ, ALCALDESA en funcións do Concello de Oroso
INFORMA: Da apertura do prazo de solicitude das axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero

TIPOS DE AXUDAS

1. Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, e que dependesen economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor.
2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización cada un dos fillos e fillas da vítima mortal da violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que, na data do falecemento da súa nai, cumprisen algún dos seguintes requisitos:
 - a) Ser menores de idade e convir coa nai, independentemente da renda familiar.
 - b) Ser maiores de idade ata 30 anos inclusive, e depender economicamente da nai e/ou do pai agresor.
2. Poderán ser persoas beneficiarias as mulleres feridas gravemente, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión de violencia de xénero, sempre que na data en que se producisen os feitos se cumprisen os seguintes requisitos:
 - a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.
 - b) Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.
 - c) Atoparse nunha situación de precariedade económica. Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a beneficiaria divididos polo número de membros que a compoñen non superen o importe do IPREM vixente.

LUGAR DE INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello. Rúa do Deporte (baixo), Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono : 981 688 950
(Diario Oficial de Galicia nº 01 do 02/01/2020)

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de novembro de 2020.

Oroso 03 de xaneiro de 2020.

A alcaldesa en funcións, Vanesa Boo Martínez